

O vianés e o galego da área zamorana. Particularidades en común destas variedades do galego oriental

Concepción Álvarez Pousa¹

Recibido: 14 de xuño de 2019 / Aceptado: 25 de outubro de 2019

Resumo. O obxectivo deste artigo é dar a coñecer a variedade lingüística ourensá da Terra de Viana do Bolo, o vianés, e as variedades do galego da área zamorana comprendida pola fala ourensá da Mezquita e as falas zamoranas das Portelas, pertencentes ao galego oriental. Tras un primeiro achegamento a estes territorios afondarase na caracterización lingüística das variedades mencionadas para a continuación detallar as particularidades que o vianés, dada a súa proximidade, posúe con respecto ás falas veciñas da área zamorana. Asemade, abordarase a situación sociolingüística da zona referenciada e apoiarase o explicado coa transcripción de mostras orais pertencentes ao vianés e á área zamorana. Verbo dos resultados conclúese, que o vianés, pertencente á área oriental-central, comparte varios riscos dialectais coas variedades do galego da área zamorana, ambas as áreas pertencentes ao galego oriental, principalmente en ámbitos como a fonética e a morfosintaxe.

Palabras chave: galego oriental; área oriental-central; área zamorana; vianés; portelao.

[es] El vianés y el gallego del área zamorana. Particularidades en común de estas variedades del gallego oriental

Resumen. El objetivo de este artículo es dar a conocer la variedad lingüística orensana de la Tierra de Viana do Bolo, el vianés, y las variedades del gallego del área zamorana comprendida por el habla orensana de A Mezquita y las hablas zamoranas de As Portelas, pertenecientes al gallego oriental. Tras un primer acercamiento a estos territorios, se profundizará en la caracterización lingüística de las variedades mencionadas para a continuación detallar las particularidades que el vianés, dada su proximidad, posee con respecto a las hablas vecinas del área zamorana. Asimismo, se abordará la situación sociolingüística de la zona referida y se apoyará lo explicado con la transcripción de muestras orales pertenecientes al vianés y al área zamorana. Respecto a los resultados se concluye, que el vianés, perteneciente al área oriental-central, comparte varios rasgos dialectales con las variedades del gallego del área zamorana, ambas áreas pertenecientes al gallego oriental, principalmente en ámbitos como la fonética y la morfosintaxis.

Palabras clave: gallego oriental; área oriental-central; área zamorana; vianés; portelao.

[en] The Vianés and the Galician Language of the Area of Zamora. Particularities in Common of these Varieties of Eastern Galician Language

Abstract. The objective of this article is to make known the "ourensana" linguistic variety of the Land of Viana do Bolo, the Vianés, and the varieties of Galician language of the Zamora area that is composed by ourensán dialect of the A Mezquita, and the Zamora dialects of the As Portelas, which belong to eastern Galician language. After the first approach to these territories, will be deeped in the linguistic characterisation of the varieties which had been mentioned below to detail of the Vianés particularities, given its proximity, it possess concerning the neighboring dialects of the area of Zamora. Moreover, it will be dealing with the sociolinguistic situation of the area that it has been said and it will be supported with the phonetic transcriptions of oral samples which belong to Vianés and the area of Zamora. Regarding the results, it is concluded that the Vianés, belonging to the eastern-central area shares several dialectal features with the Galician varieties of the area of Zamora, both areas belong to the eastern Galician, mainly in areas such as phonetics and morphosyntax.

Keywords: Eastern Galician Language; Eastern-Central Area; Area of Zamora; Vianés; Portelao.

¹ Universidade de Santiago de Compostela, Arquivo do Galego Oral do Instituto da Lingua Galega.
Correo-e: alvarezpousa@yahoo.es

Sumario. 1. Introducción. 2. A comarca ourensá de Viana. 2.1. O concello de Viana do Bolo. 2.2. O concello da Mezquita. 3. A comarca das Portelas de Zamora. 4. Caracterización lingüística do galego sudoriental. 4.1. A área oriental central. O vianés. 4.2. A área zamorana. 5. Particularidades en común do vianés co galego da área zamorana. 6. Situación sociolingüística da zona de estudo. 7. Consideracións finais. 8. Referencias bibliográficas.

Como citar: Álvarez Pousa, C. (2019): “O vianés e o galego da área zamorana. Particularidades en común destas variedades do galego oriental”, en *Madrygal. Revista de Estudos Gallegos* 22, pp. 15-30.

1. Introducción

O propósito deste traballo é presentar o vianés, variedade lingüística pertencente á área oriental-central onde se insire o concello ourensán de Viana do Bolo, e as variedades da área zamorana comprendida polas falas da Mezquita (Ourense) e As Portelas (Zamora), pertencentes ao galego oriental.

Cando se fala de idioma galego tende a circunscribirse ás variedades comprendidas no territorio interior de Galicia. Non obstante, alén das fronteiras temos que falar de que o galego tamén é lingua propia nos territorios limítrofes das Portelas (Zamora), do Bierzo occidental (León) e da Terra Navia-Eo (Asturias), que constitúen o galego exterior.

Ademais, é preciso referenciar a variedade do Val do Ellas (Cáceres), que Cintra (1959: 535) definiu como “falar também essencialmente galego” e que constitúe á súa vez unha variedade arcaica da nosa lingua, para a que Xosé Henrique Costas acuñou o glotónimo *valego*. Estas falas forman parte do dominio lingüístico galego e deben ser recoñecidas como tales.


Neste aspecto cómpre resaltarmos que a consecuencia das interrelacións das localidades galegas coas súas poboacións veciñas, tanto zamoranas como portuguesas, foise conformando unha situación lingüística particular que se mantén na actualidade. Motivo polo que esta área de estudo constitúe unha zona de grande interese para a dialectoloxía dado o contacto que se establece entre o galego, o leonés e o portugués, como mostrou Fritz Krüger a través do seu artigo “Mezcla de dialectos” (Krüger 1925) e Santos no seu estudo *Os falares fronteiriços de Trás-os-Montes* (Santos 1967), onde nos atopamos con referencias claras á variedade da Mezquita (Ourense) e a algún punto das Portelas (Zamora); e máis recentemente Fred Boller nun detallado estudo

cartográfico desa encrucillada lingüística, con algún punto dos concellos ourensáns de Viana do Bolo, da Gudiña e de varios puntos da Mezquita, de todos os concellos de Zamora de fala galega e do arraiano municipio de Vinhais (Boller 1995a, 1995b).

Tendo en conta estes antecedentes e logo de dar a coñecer as especificidades da zona de estudo, neste artigo tratarase de detallar cales son as particularidades en común que o vianés, variedade pertencente ao territorio oriental galego posúe coas falas veciñas da área zamorana, onde destacan a variedade do concello da Mezquita (Ourense) e as das Portelas zamoranas, pertencentes ao galego exterior, segundo a denominación de Dámaso Alonso (1972: 315). Para esta misión acompañarase o referido de mostras orais correspondentes a diferentes puntos e que forman parte do corpus oral da investigación da miña tese de doutoramento e constitúen á súa vez a proba máis válida tanto para coñecer as características lingüísticas das variedades mencionadas como para percibir a realidade sociolingüística e sociocultural.

2. A comarca ourensá de Viana

A comarca de Viana, cuxa capital é Viana do Bolo está situada no sueste da provincia de Ourense, entre as comunidades de Galicia e Castela e León. Forma parte do territorio sudoriental do galego e está formada polos concellos da Gudiña, A Mezquita, Viana do Bolo e Vilariño de Conso, como se pode apreciar no mapa 1. Limita ao norte coas terras ourensás de Trives e Valdeorras, ao leste cos concellos galegofonos de Zamora (Porto, Pías, Lubián e Hermisende), ao sur co distrito portugués de Bragança e ao oeste coa Terra de Verín.



Mapa 1. A comarca de Viana (Ourense)
Fonte: Álvarez Pousa 2017b

Estas terras, cuxa poboación actual é de 5.811 habitantes (IGE 2018) foron sempre a porta de Castela, xa con anterioridade á guerra civil de 1936, co trasfegar de traballadores itinerantes como seitureiros ou tratantes, que foron deixando a súa pegada na cultura local. No que á economía se refire, na actualidade a agricultura e a gandería van en detrimento do sector servizos. A comercialización da castaña constitúe un factor moi importante para toda a zona, dada a gran produción rexistrada e a calidade dos soutos.

2.1. O concello ourensán de Viana do Bolo

O concello de Viana do Bolo está situado na parte sudoriental da provincia ourensá. Limita polo norte cos concellos do Bolo e A Veiga, polo oeste co de Vilariño de Conso, polo sur cos da Gudiña e A Mezquita e polo leste cos concellos zamoranos de Porto e Pías. É o segundo municipio ourensán máis extenso, con 270,4 km², tras o municipio veciño da Veiga con 290,5 km². Conta con 2.929 habitantes (IGE 2018) distribuídos en 35 parroquias, que conforman un total de 52 aldeas.

Na actualidade a vila de Viana do Bolo emerxe coas principais actividades arredor do sector terciario dos servizos, seguido do sector secundario da industria e a construción, e por último o sector primario da agricultura. Cunha taxa importante de despoboación as aldeas concéntranse arredor da agricultura e a gandería maioritariamente, actividades que paulatinamente van mingando dada a falta de man de obra de xente nova. Un factor moi importante para todo o municipio é a comercialización da castaña.

Asemade, foi de vital importancia para a zona a actividade da minería, do que é boa mostra o maxestoso xacemento aurífero das Médulas de Caldesiños, porta de entrada ao concello vianés desde A Gudiña. Na parroquia de Penouta concentrouse ata o seu peche no ano 1985 a que foi a mina máis importante de estaño do Estado español. Hoxe o traballo recuperouse precisamente neste lugar coa extracción dos minerais tantalio e niobio, moi valorados na industria tecnolóxica actual. A mina

vianesa de Penouta é polo de agora a única de Europa occidental onde se extrae este mineral, que na República Democrática do Congo, principal produtor desencadeou nunha guerra civil debido ao seu monopolio.

O concello está atravesado polo río Bibeí, que verte as súas augas desde as terras zamoranas de Porto; sobre as súas beiras emerxen terras de cultivo que dan soporte aos viñedos de autoconsumo da zona.

Respecto do ámbito cultural, é preciso sinalarmos que nestas Terras o mestre e etnógrafo Laureano Prieto fixo unha compilación de contos populares que deron lugar a unha das primeiras publicacións de literatura oral popular tras a guerra civil (Prieto Rodríguez 1958). Así mesmo preocupouse por estudar as peculiaridades da lingua vianesa e recoller a cultura local en diferentes traballos, aspectos que trato amplamente nun artigo recentemente publicado (Álvarez Pousa 2018a).

Alén disto é destacada a celebración do Entroido, unha das manifestacións socioculturais máis ancestrais de Galicia, que naceu nas aldeas vianesas e que hoxe se concentra na vila nun desfile multitudinario onde os folións rurais interpretan musicalmente o ton diferenciador de cada aldea e acompañan o ritmo xerado con bombos e con apeiros de labranza e coa presenza da máscara do boteiro, dotando esta festividade dunha gran carga simbólica.

2.2. O concello ourensán da Mezquita

O municipio da Mezquita insírese no sur da comarca de Viana. Xunto co concello da Gudiña, forman a denominada Terra das Frieiras, situada no sueste da provincia de Ourense cun total de 286,6 km², dos que a maior parte corresponden á Gudiña. Antigamente no termo Frieiras tamén se incluían lugares das Portelas de Zamora (Hermisende, A Teixeira, O Padornelo e Lubián)². Actualmente está constituída por dez parroquias.

Durante séculos estas Terras foron lugar de paso e parada de traballadores tradicionais como arrieiros ou segadores e na actualidade segue constituíndo un alto no camiño pola súa

² Segundo Rivas Quintas e Rodríguez Cruz (2002: 15-17), “polo menos xa dende principios do século XII, no termo Frieiras compréndese A Gudiña, A Mezquita, Ermisende, A Teixeira, Padornelo, Lubián, e anexos, formando parte coa terra de Cabreira, Lobarzana, Vinhais (Trás-os-Montes) e Laza, da Dignidade ourensá de Baronceli ou Varoncelle. Dura esta xurisdicción deica o Concordato de 1851”.

conexión coa Meseta. Malia que houbo hipóteses que relacionaban o seu nome con terra de freires, prevalece a idea de que o nome fai referencia ao clima frío e ás duras condicións climatolóxicas rexistradas na zona³.

Terra de transición e de paso reflicte tamén a imaxe dos peregrinos procedentes de Andalucía e Estremadura que atravesan a Vía da Prata, que entra en Galicia polas Portelas da Canda (Ourense) e do Padornelo (Zamora).

A Mezquita, con 1.039 hab. (IGE 2018) ocupa a zona máis oriental da provincia de Ourense, na estrema con Zamora e Portugal, a través da rexión de Trás-os-Montes; do que dá boa conta o fito fronteirizo do “Penedo dos Tres Reinos”, fronteira dos tres antigos reinos de Galicia, León e Portugal e que actualmente demarca os límites de Ourense, Zamora e Portugal. Esta vila comparte a súa vida cotiá coas Terras de Trás-os-Montes, concretamente coa zona de Vinhais a onde asisten a todo tipo de actos. A festividade do Cantar dos Reis é moi celebrada na zona e resultan significativas as parroquias de Cádavos e Chaguazoso pola súa proximidade coa fronteira. Asemade, foi moi importante o contrabando establecido coas terras arraianas en tempos.

A etnografía e a lingua foron de especial interese para o estudoso Taboada Cid, quen describe as características desta zona fronteiriza con Trás-os-Montes e As Portelas en dous traballos de relevancia (Taboada Cid 1971, 1978).

3. As Portelas de Zamora

Esta bisbarra, situada entre as Portelas da Canda (Ourense) e do Padornelo (Zamora), é unha subcomarca dentro da comarca da Alta Sanabria e está formada polos municipios galegófonos de Porto, Pías, Lubián e Hermisende. Ocupa unha extensión total de 447,87 km² e suma unha poboación de 837 hab. (INE 2018) distribuídos en quince localidades que se asentan nos vales do río Bibeí, na conca do Miño, e do río Tuela, na conca do Douro. Os catro concellos zamoranos lindan cos concellos ourensáns de Viana do Bolo, A Veiga e A Mezquita.

É importante resaltarmos a singularidade desta comarca respecto do resto da provincia e

a súa inclinación para Galicia e Portugal, dada a súa situación xeográfica a carón da comarca de Viana e a Terra de Trás-os-Montes e o seu afastamento respecto do resto da provincia de Zamora, o que facilitou sempre as comunicacións coa provincia de Ourense.

Motivados por este feito de semiillamento, nos últimos anos estes catro concellos uníronse para formar a mancomunidade denominada “Alta Sanabria” coa finalidade de xestionaren servizos conxuntamente.

Cortés y Vázquez (1954: 14) sinala que aínda que pertencentes ao Partido de Pobra de Seabra, todos os concellos teñen moi clara a súa diferenciación respecto dos xabreses. Destaca así mesmo o feito de que se establece un contacto diario entre Pobra de Seabra e Verín (Ourense) e que todos os lugares situados ao oeste da Portela da Canda miran nas súas relacións cotiás cara a Galicia, limitando o seu trato coa Pobra e coa propia capital da provincia ás relacións basicamente de burocracia oficial. Situación que se segue dando na actualidade.

É importante resaltarmos a influencia cultural que diferentes rexións exerceron sobre esta zona dado o seu contacto, tal e como sinala Ballano Bueno (1990: 100) no seu estudo antropolóxico sobre o concello de Porto: “Pódese advertir nos numerosos libros que nos achegan a esta rexión unha constante alusión á singular influencia cultural que sobre ela exerceron, co paso dos séculos, outras rexións españolas e estranxeiras tamén: Galicia, Castela, León e Portugal tamén”.

A Portela da Canda é o punto de unión de Galicia coa Comunidade de Castela e León e desde tempos un dos portos, xunto co do Padornelo, atravesados pola ruta xacobeá coñecida como Camiño de Santiago Sanabrés e a miúdo frecuentado por arrieiros, peregrinos e viaxeiros.

Administrativamente esta comarca xunto cos núcleos zamoranos de Requeixo e Calabor, pertenceu a Galicia e estiveron incluídos na provincia de Ourense ata 1789, ano no que foron incorporados a Valladolid. En 1822 volveron integrarse en Galicia. Non obstante, en 1833 foron adscritos definitivamente á provincia de Zamora, tal e como refire López Mira:

³ O informador nativo da Mezquita (mediados do séc. XIX) para o *Diccionario geográfico-estadístico-histórico de Madrid*, “bo coñecedor da súa terra, di (Madoz s.v.) da Mezquita: ‘clima frío, pero sano’. Exactamente igual ao falar da Gudiña. Así terra fría + terra fría = frieiras, que tal é a definición lingüística” (Rivas Quintas e Rodríguez Cruz 2002: 15).

A actual división provincial onde quedan fóra da Galicia administrativa as comarcas lingüísticamente galegas de Asturias, León e Zamora arrinca de 1833, a proposta de Javier de Burgos. En 1822, coa proposta Bauzá-Larramendi as Cortes españolas crearon a provincia do Bierzo, con capital en Vilafranca, esgazando daquela o Partido de Valdeorras, xa que cinco concellos pasaron a esa nova provincia mentres que catro foron para o Partido ourensán de Viana do Bolo. (1998: 57-58)

Verbo dos concellos portelaos, Porto (165 habitantes; INE 2018) é o municipio máis afastado, dista da capital da provincia 175 km e comprende unha das zonas máis accidentadas da provincia ao ter no seu seo parte do macizo da Segundeira e a Serra Calva. Dentro da subcomarca das Portelas cómpre resaltarmos a súa peculiaridade respecto dos outros tres concellos portelaos pola súa especial situación xeográfica de illamento.

A economía do concello estivo baseada sempre na actividade agrícola-gandeira, que resultou un factor moi importante para o desenvolvemento da zona. A gandería, especialmente bovina, foi a principal fonte de ingresos do concello, e en menor grao a gandería ovina, tal e como destaca Carracedo (1994: 152), dado que a actividade da trashumancia cara a Terras estremeñas tivo moita relevancia no concello ata a década de 1960, posto que ocupaba de xeito activo unha boa parte da poboación. Na actualidade a actividade da gandería foi minguando, pero a súa importancia non decae polas diferentes feiras de gando que se celebran anualmente e polo feito de seguir criando unha raza vacúa autóctona, a alistano-sanabresa prezada polas súas calidades.

A peculiaridade e tonalidade da súa fala fai que a súa variedade sexa coñecida co glotónimo *portexo* e deu froito a traballos como o de Rodríguez Lago (1974), fundamentado no vocabulario, e recentemente o estudo lexical de Blanco Corrales (2012).

O concello de Pías (123 habitantes; INE 2018) está formado polos núcleos de poboación de Pías, Barxacova e Vilanova da Serra. Os restos de castros e murallas defensivas na zona indícanos a existencia dunha cultura castrexa anterior á romanización. Os romanos fundaron “Urbs Sanabria” sobre un primitivo castro celta, estendendo a súa hexemonía desde Sanabria ata o territorio de Pías e Porto. Durante este período crearon unha serie de infraestruturas como camiños e pontes mediante os cales controlaban o territorio.

Quedan vestixios reflectidos na arquitectura popular. A base da economía, aínda que en menor grao, segue sendo a agricultura e a gandería destacando en tempos un alto número de cabezas principalmente de gando vacún. A variedade lingüística de Pías, concretamente a de Barxacova deu orixe a traballos como o de Carracedo Arroyo (1977), que estuda o léxico peculiar dese lugar na estrema co concello zamorano de Porto e o concello de Viana do Bolo.

Lubián (302 habitantes; INE 2018) é o núcleo reitor da zona das Portelas, xa que se atopa no centro das aldeas situadas na vía principal ou nas inmediacións dela e entre os municipios comprendidos entre ambas as Portelas, a do Padornelo ao leste e a da Canda ao oeste.

Constituído polos núcleos de Lubián, Chaos, Padornelo, Acibeiros, Hedroso e As Hedradas, atópase atravesado pola antiga estrada N-525, a variante desta e a A-52 ou autovía das Rías Baixas. Conta cunha estación de ferrocarril convencional e na actualidade estase construíndo a futura liña ferroviaria de alta velocidade entre Madrid e Galicia, aínda que a súa parada está contemplada no concello veciño da Gudiña.

Ao pé da A-52 érguese o santuario da Tuíza, no termo de Chaos, de finais do s. XVIII. Declarado Ben de Interese Cultural, acolle no seu interior a Virxe das Neves de moita devoción na Alta Sanabria. De estilo barroco e con claras influencias galaico-portuguesas foi moi venerada polos galegos que se dirixían á sega cara a Castela, o que nos amosa as relacións que Galicia mantivo desde sempre con estes territorios estremeiros. De aí reza o dito dos segadores galegos “Miña Virxe da Tuíza / cóidame os nenos / veño de segar de lonxe / e a naiña está nos ceos”.

O municipio portelao de Hermisende (247 habitantes; INE 2018) está situado no noroeste da provincia de Zamora, xunto á provincia de Ourense e a fronteira con Portugal, concretamente coa rexión histórica de Trás-os-Montes. O termo municipal abrangue as localidades de Castrelos, Castromil, Hermisende, San Ciprián e A Teixeira.

A base da economía familiar estivo ligada á agricultura e á gandería como na maior parte dos municipios das Portelas. A importancia da gandería foi vital chegando a haber un número elevado de gando vacún e tamén ovino e caprino. Resulta significativo o núcleo de San Ciprián de Hermisende onde se deu a actividade

da lousa, que se empregaba para cubrir os teitos das casas e tamén para comercializar. Feito polo cal os seus veciños se coñecían como “louxeiros”.

No tocante á rede hidrográfica resalta o río Tuela que discorre a carón do santuario da Tuíza cara a Castrelos e comunica Hermisende con San Ciprián ata chegar á raia fronteiriza onde se mestura con augas do Regueiro do Piñeiro.

A peculiaridade de San Ciprián, coñecido comunmente como San Ciprián de Hermisende para diferenciarlo da localidade zamorana de San Ciprián de Sanabria, deu lugar a un amplo traballo onde se analizan as características da fala e a cultura popular (Rodríguez Cruz 2007).

No seguinte mapa pode verse a situación xeográfica do concello de Viana do Bolo na comarca ourensá de Viana e a comarca zamorana das Portelas, os catro concellos portelaos, que xunto ao concello da Mezquita, forman a área zamorana do galego.



Mapa 2. Situación da comarca de Viana (Ourense) e As Portelas (Zamora)
Fonte: elaboración propia

4. Caracterización lingüística do galego sur-oriental

Tendo en conta a caracterización dialectal presentada por Fernández Rei (1990: 157) os trazos xerais das falas do galego oriental, onde se encadra o galego sudoriental, son os seguintes: uso dos ditongos *ua* (*cuatro*, *guardar*), *oi* (*moito*, *coiro*) e *ui* (*muíto*, *truíta*, *escuita*) ou ausencia de ditongo (*muto* / *mutio*, *truta* / *trutia*, *escuta* / *escutia*); formas con *aix* (*baixo*, *caixa*) fronte a *ax* (*baxo*, *caxa*) do centro-norte do galego oriental; terminación *-ín* (*camín*, *padrín*), excepto na zona sur (*camiño*, *padriño*); plural *is* (*caís*, *ladrois*; sg. *can*, *ladrón*)

e plural *is* (*animais*, *caracois*; sg. *animal*, *caracol*), excepto na área asturiana, que mantén o *-l-*; pretéritos *cantein* e *cantén*, futuros *cantarein* e *cantarén* e SNP *is* na P5 dos tempos verbais (agás no pretérito): *cantais*, *cantabais*, *canteis*...

4.1. A área oriental-central. O vianés

Esta área está encadrada no galego sudoriental e dela forman parte dúas subáreas: A Fonsagrada-O Courel-O Bierzo ao norte coas formas *camín*, *padrín* e pronome *llelo*, fenómenos característicos do galego de Asturias e do ancarés; e O Valdeorras-Viana ao sur coas formas *camiño*, *padriño* e o pronome *llo*.

Ademais dos devanditos trazos comúns do bloque oriental, o galego de Viana encádrase na área oriental-central, na subárea Valdeorras-Viana e na microsubárea O Bolo-Viana.

Fernández Rei (1990: 147) sinala que na subárea O Valdeorras-Viana a isoglosa *muíto* / *muto* permite distinguir dúas microsubáreas, O Valdeorras coas formas *muíto*, *truíta* e O Bolo-Viana coas formas *muto*, *truta*. Non obstante, é preciso sinalarmos que nesta subárea se usan as variantes *muíto*, *truíta* xunto con *muto*, *truta*.

O mestre e etnógrafo das Terras de Viana, Laureano Prieto (1973: 3) foi autor pioneiro en realizar estudos sobre a fala vianesa e cando traza as súas características comenta o seguinte “o vianés fálase na mór parte do partido xudicial de Viana do Bolo e nalgúis pobos do partido do Barco de Valdeorras”.

No tocante á descrición lingüística son diversas as características que poderíamos destacar nos diferentes eidos da fonética, da morfosintaxe e do léxico, que resulta de vital importancia, xa que moitas das formas recollidas no seu momento por Laureano Prieto seguen vivas. No entanto, vanse sinalar os principais trazos fonéticos e morfosintácticos, xa referenciados en traballos anteriores (Álvarez Pousa 2017a, 2017b e 2018b).

No ámbito da fonética destacan a alternancia no uso do ditongo *oi* / *ou* (*noite* / *noute*); mantemento dos grupos *cua*, *gua* (*cuatro*, *guardar*); palatalización do *a* átono (*ái*, *áli*, *bäixaban*); terminación *-u* no ditongo *-ío* en substantivos (*friu*, *riu*); rotacismo ante consoante sonora (*car vacas*, *cor demais*, *car grandes*; *mirmo*, *cor nenos*; *or lunes*) e ante consoante xorda fricativa (*ar fontes*); presenza e perda da interdental xorda en posición final (*cruz* / *cru*, *luz* / *lu*, *rapaz* / *rapá*, *vez* / *ve*); terminación

-ado / -ao nos substantivos, adxectivos e participios (*ganado / ganao; organizado / organizado; realizado / realizao*) e o uso da variante asilábica [j] da conxunción *e* en contacto con vogal (*i-outro*).

No eido da morfosintaxe salientan as seguintes características: pl. dos nomes -l (*animais / animales*); sg. term. -á / -ai do lat. -TATE (*verdá / verdai*, pl. *verdás / verdais*); artigo indeterminado masc. pl. *unhos / unhes*; indefinido masc. *algún, ningún* (pl. *algüis, ningüis*) e fem. *algunha / algúa, ningunha / ningúa*; contraccións da prep. *con* xunto co pron. persoal e co demostrativo (*cuel / cuela; cuesto, cueso*); pronome persoal átono *o* tras forma verbal rematada en ditongo (*partiuo, deixouo*); formas verbais temáticas (*fais, teis...*, *fain, tein...*); SNP -i na P5 do imperativo (*pasai, comei*); radicais verbais *fic-en, -era...* / *fix-en, -era e tragu-er, -emos / tra-er; -emos*; ausencia de artigo: *en casa, en clase*; presenza do teísmo⁴ (Vilaseco da Serra): *non te direi muito máis; doute un abrazo*.

Na seguinte mostra oral relacionada co Entroido de Viana do Bolo, concretamente cun dos folións representativos dunha das súas parroquias, poden apreciarse algunhas das características anteriormente comentadas⁵.

Lugar: Quintela do Pando (Santa Isabel), Viana do Bolo

Informante: Home, 33 anos

Fonte: Investigación actual da tese (ITD)

Data: setembro de 2015

“O fulión de Quintela do Pando”

I. — Bièn, non sei, a ver o fulión estivo perdido digamos durante unhes anos, è decir, foi dos poucos puèblos que dicen que aguantou a Ditzadura, que aguantou a posguèrra e toda a historia, seguían tocando o fulión, è sin embargo despois cuando a xente, a malloría tuvèron que emigrar pa traballar e tod’a historia, pois claro, ô non haber xente perdeuse durante unhes anos, non sei os anos esaztamente que foron. Nós cuando eramos pequenos solo tocabamos cuando viña así algún veciño ... è pouco máis. Empezamos tocando con outros puèblos eu

i-ò meu irmau e buèno ibamos por aí. Despois un ano pois, falamos ca xente e decidiuse volver a recuperalo como se..., como se facía antigamente.

Que pasa? Que... buèno cambiáronse cousas, porque os que había eiquí, non èran esaztamente como son agora, èran máis ekhèmplo or boteiros bèn parecidos, digamos, a Vilar ou a Buxán.

E. — E como eran os de Vilar e Buxán?

I. — Pois o traxe branco cas cintas de cores, o carapucho como se fora un cono, digamos, a máscara si qu’èra de madeira, eso si que... Temos algunha por aí inda que se consèrva porque èra unha cousa un pouco familiar o tema, è decir, non èra “Temos unha careta do puèblo”, nò. (...)

4.2. A área zamorana

A área zamorana do galego oriental está formada polas variedades lingüísticas faladas nos concellos zamoranos situados entre a Portela da Canda e O Padornelo: Porto, Pías, Lubián e Hermisende e mais a variedade ourensá do freirés da Mezquita.

No tocante ao lugar de Calabor (Pedralba de la Pradería), situado a tan só 2 km coa raia portuguesa, aínda que non forma parte desta área zamorana, tamén é considerado de fala galega dadas as súas características lingüísticas, tal e como recolle o estudo feito por Corzès y Vázquez:

Pues bien, además de Padornelo hablan gallego-portugués en Zamora: Aciberos, Hedroso, Lubián, Castrelos, Chanos, Las Hedradas, Castromil de Castilla, Villanueva de la Sierra, Barjacoba, Pías y Porto, que suman una docena de pueblos en total. Pero añádasele Hermisende y su barrio de San Ciprián y la Tejera, con una variedad mucho más aportuguesada, y Calabor, situado en otra zona, y que constituye en su hablar una mezcla curiosísima dialectal en que coexisten las soluciones leonesas junto a las galaico-portuguesas. (1954: 15)

A galegitude lingüística de Calabor analízase nos estudos máis recentes de Seco Orosa (1997) e Costas González (2011: 76-77, 2014).

⁴ Na maioría das falas galegas existe unha diferenza entre o uso do dativo *che* (*deiche un libro*) e o acusativo *te* (*vinte na rúa*). Non obstante, hai falas galegas como as do Baixo Miño pontevedrés e algunhas do leste de Ourense e Zamora onde non existe esa diferenciación e o pronome átono *te* é acusativo e dativo a un tempo. Así, os seus falantes din: *deite un libro* fronte a *deiche un libro* do galego común ou *doute pan* fronte a *douche pan*. Este fenómeno coñécese como teísmo.

⁵ A gravación completa e a súa transcripción pode verse en: <http://ilg.usc.es/ago/>, audio 150.

Os trazos comúns da devandita área referenciados por Fernández Rei (1990: 144-145) son os mencionados a continuación.

Ademais das formas do galego común *noite*, *despois*, *dous*, *outro*, danse outras variantes como *noute*, *despous*, *dois* e *oitro*, con alternancia nos ditongos *oi*, *ou*; ausencia de ditongo en palabras como *muto*, *truta* / *trutia*, que no galego común son *moito*, *troita*; terminación en *-iño* en contraste co *-ín* do galego nororiental; plurais do tipo *verdais*, *peis*; pronome persoal *nós*, *vós*, con *o* fechado etimolóxico, fronte ao timbre aberto do galego común; pronome persoal átono *-o* despois de cada forma rematada en ditongo, *haio*, *seio*, *partiuo*; vogal temática *i* en formas como *collimos*, *collistes* (na Mezquita é como no galego común *collemos* e *collestes*); ausencia do SNP *-n* na P1 do pretérito: *collí*, *partí* ou *fiçe*, propio tamén da Mezquita.

A variedade xeral das Portelas, o portelao, posúe fenómenos comúns ás falas ourensás veciñas e ás pontevedresas, que individualizan a área zamorana dentro do bloque oriental. Outros trazos diferenciadores son o pronome *lle* (ou *le*) para o singular e plural e inexistencia dunha oposición entre *llo* e *llelo*, verbos *ouvir* (*ouvo*, *ouves*, *ouvía...*) e *pór* (*pomos*, *pondes*, *puña...*).

Pódese separar por unha banda, unha subárea ao norte (a de Porto), cuxa variedade do portexo resulta peculiar pola súa tonalidade e similitude coas falas do Val do Ellas. Caracterízase polo uso diferenciado dos pronomes *te* e *che*; perda do *g* precedido de *i* en formas como *embiu*, *mías*; palatalización do *a* átono en formas como *cäldeiro*, *casäs*; desinencia *-che* na P2 do IP (*cantache*, *colliche*); desinencia *-stes* na P5 do IP (*cantastes*, *collistes*) e o uso paragóxico do *-e* moi común nos infinitivos (*chegare*).

Tal e como sinala Vega Ballesteros, a variedade de Porto constitúe unha variedade diferenciadora respecto incluso do resto de concellos portelaos:

El área norteña donde está situado el pueblo de Porto que por sí solo forma un *lecto aislado* que se diferencia claramente del resto de los lectos del área zamorana. Constituye el lecto de Porto lo que en ocasiones se ha llamado un área de

reliquia por poseer una serie de características que lo individualizan con respecto al resto de las variedades gallegas. Además de ser diferente gramaticalmente de los lectos centrales y sureños el rasgo que lo convierte en un área de reliquia es la entonación o el acento que hace que en ocasiones parezca incomprensible incluso para hablantes que tienen competencia en lengua gallega. (2004: 587-588)

Na seguinte mostra oral sobre a gandería poden verse algunhas das características principais da variedade portexa:

Lugar: Porto (Zamora)

Informante: Muller, 48 anos

Fonte: Investigación actual da tese (ITD)

Data: setembro de 2017

“A gandería en Porto”

E.— E hai xente que traballa muto co ganado habitualmente ou non?

I.— Pois eiquí ganaderos fai anos había muchísimos, agora xa solo quedan tres, solo quedan tres ganaderos, pois como pasa en todos os pùeblos, que, que se van acabando, por muto que digan que ca crisis se iban a enche-logh pùeblos, en ver de encherse, vacíanse cada ve máis. Gandería xa queda pouca, ganaderos quedan poucos, gana, gandería inda quedan mutos porque o meu marido tèn casi cèn cabèzas, lògo hai outro ganadèro que tamèn tèn cèn ou algúa máis de cèn e lò queda outro chaval nòvo que empezou vai dois anos que tèn cincuenta ou sesènta e lògo eiquí pois pra vendelos e-eso, pois hae cinco feiras ô ano, creo que son, empèza en mallo, junio, julio, agosto, septièmbrè, octubre, sèis. A máis grande ê a de agosto, ê a máis grande en volumen de xente porque non ê cuando máis vacas se vènden porque xa ê máis de exposición, è, pois eso, pra que a xente dea unhas vòltas, vexa as vacas na feira, lògo vèndese o pulpo á feira, galego, ê de tradición galega. E cuando máis se vende, dicen os ganaderos...! ê en maio ou en septièmbrè (...)

Por outra banda, unha subárea ao sur (a de Lubián-Hermisende) coa presenza do teísmo, delimitable en dúas microsubáreas, A Mezquita⁶ por un lado e por outro Lubián-Hermisende, tendo en conta as isoglosas *lle* / *le*, *cantache* / *canteste* (*s*), *collemos* / *collimos*.

⁶ É preciso facermos referencia ao lugar do Tameirón, que aínda que pertence ao concello da Gudiña comparte as características da fala frieiresa da Mezquita pola súa situación xeográfica lindeira con este concello e constitúe un punto de interese a nivel lingüístico.

No seguinte fragmento de mostra oral sobre a festividade dos Reis poden apreciarse algunhas das características da variedade frieireira da Mezquita pertencente ao galego da área zamorana:

Lugar: Cádavos (A Mezquita)

Informante: Home, 68 anos

Fonte: Investigación actual da tese (ITD)

Data: setembro de 2017

“A festa dos Reis”

I. — Os Reis eiquí empèzan, empezaban porque agora a xènte que vèn muta vai a traballar pois quèren, ô millor acaban o día cinco e antes empezaba sèmpre o día cinco á noute, cantábans'os Reis había un grupo dos que iban, que a xènte nova cantaba, cantaban os Reis, que se chamaba a canciòn dos Reis e despois ca pr'outro día as casas daban, chamábanlle un aguinaldo. Ô millor dábante un cacho d'orella, dábante uns chourizos, dábante un cacho de touciño o que podía o que, daba cada un o que podía pra que os Reis saíran máis baratos porque de todas-as casas iba a xènte, iba da miña, da túa, de todas e entónces así comías'algo de pòrco e tal. A xènte estaba acostubrada a comer mutto pòrco, matabas un vitelo, unha vitela grande matábase, ô acabarse a vitela acabábans'os Reis. Había o que te digo os gäiteiros, unhos anos viñeron de Muimenta e tamên veu outra ve un de da Terra túa de Viana que lle, chamábanlle E. Oíches falar de E?

E. — Si, si, si.

I. — Pois ese vei eiquí ôs Reis dous ou tres anos, èra, si decían que facía, que èra ..., non sei por que lle chamaban E, porque dicen que tiña que facía estremonías como ... bah, pois ese veu eiquí algún ano. In- cluso o fui a buscar eu, primeiro ano fui a buscar eu i-outro rapaz eí que non achabamos, non achabamos mus... uns gäiteiros e faciamos, non sei se o faciamos aquel ano e-eu ... Sábe-lo que me pasara? (...)

En Lubián e Hermisende, o pronome *lle* do galego común é *le*. Neste concello existe un sistema de sibilantes sonoras en retroceso, semellante ao da Limia Baixa e zonas trasmontanas veciñas.

Tanto no norte coma no sur, rexístrase a palatalización de *a* átono en Porto e Hermisende e ademais no caso de Hermisende, tamén se dá a palatalización do *a* tónico (*acabäron*). En Lubián é propia a terminación *-ou* en formas como *mòu* (*man*) ou *chòu* (*chan*).

No seguinte fragmento de mostra oral podemos observar algunhas destas características lingüísticas:

Lugar: Hermisende (Zamora)

Informante: Home, 56 anos

Fonte: Investigación actual da tese (ITD)

Data: setembro de 2017

“A importancia das feiras nas relacións sociais”

I. —Deso todo agora queda pouco porque as feiras os de Sanidá, os ganados e con eso acábäron con todas, sabèmolos todos, non sei si sa..., se è ma gestión dos de Sanidá ou è problemas de que o ganado está infectado do que comemos, o caso è que acábäron coas feiras e foi mal porque as feiras èran unha unión que había entre puèblos. D' eiquí íbamos á Mezquita andando co ganado a vender alí á feira, que hai como buf entre vinte e cinco e trinta quilómetros, por esta montaña p'alá, se iba se madrugaba mutto e buèno íbamos p'alí, i-èran as relacións que había de mercados de unhas e de outras e entónces eso acabou con todo. Unha vez que se acabäron as feiras acabouse con eso todo, creáronse as autonomías, volveron a acabar con outro bocado desto. Nós cóllo nos a Castilla, nós as relacións con Castilla non foron muttas nunca, foron sèmpre poucas. Foi, buf agora a nivel de impostos e-desto porque cada un ten que pagar no seu sitio, però con Castilla as relacións ..., as costumbres tampouco, as costumbres nosas non... non coinciden, non è que le teña nin mutto menos ningunha manía a Castilla porque è a miña autonomía, i-a respeto e prònto, però non coinciden as costumbres no, no. As nosas costumbres coinciden coas desta zona, coa zona máis quizais de hacia Lugo, esta zona de Viana, a zona de Verín, quizais non nos vallamos a ir hacia Orènze, però este frènte que temos eiquí eu creo que è donde máis coincide todo, a maneira de vivir (...)

5. Particularidades en común do vianés co galego da área zamorana

Amáis das características xerais ao bloque oriental, e dado o *continuum* dialectal destas áreas de estudo, son diversas as particularidades que o vianés comparte coas variedades referidas do galego da área zamorana. A cultura vianesa e a portelá son unha mesma cultura compartida a través da lingua e outras manifestacións artísticas, posto que as fronteiras non conseguen esgazar a idiosincrasia dun territorio, que se perfila na lingua, pero tamén na paisaxe arbórea de rebolos e castiñeiros que cobren as ladeiras e no negro das lousas que tingue as casas portelás.

Cortés Vázquez cando recolle as lendas, contos e romances de Sanabria, fai referencia ao feito de dividir os textos en dous apartados,

dadas as súas características lingüísticas, e manifesta o seguinte:

Razones lingüísticas obvias, aconsellan dividir los textos en dos apartados: uno que recoge los que están en dialecto leonés, y uno segundo con los que se expresan en lengua gallega, que muéstrase aquí en su variedad dialectal sanabresa, muy concomitante, como hemos anunciado ya, con la orensana vianesa y el portugués trasmontano de Braganza. (2003: 13)

O vianés comparte varias características co galego da área zamorana, principalmente en ámbitos como a fonética e a morfosintaxe, como se pode apreciar na seguinte táboa.

Fonética	Morfosintaxe
1. Realización pechada etimolóxica dos pronomes suxeito <i>nós</i> , <i>vós</i>	8. Solución <i>-ai</i> e <i>-á</i> nos nomes en <i>-TATE(M)</i> (<i>verdai / verdá</i>)
2. Palatalización do <i>a</i> átono ⁷ (<i>cãnsado</i>)	9. Uso do pronome persoal átono <i>o</i> tras forma verbal rematada en ditongo (<i>colleuo, faio</i>)
3. Ausencia de ditongo nos grupos <i>-ŮLT</i> , <i>-ŮCT</i> : <i>muto</i> , <i>truta</i> ⁸	10. Uso do teísmo ⁹
4. Alternancia no uso dos ditongos <i>oi / ou</i> (<i>noite / noute</i>)	11. Verbo <i>pór</i> ¹⁰
5. Caída da interdental xorda en posición final ¹¹ : <i>rapá</i> , <i>cru</i>	12. Radical <i>trag-</i> (<i>traquemos</i>), <i>troug-</i> (<i>trougueron</i>)
6. Terminación <i>-ao</i> nos substantivos, adxectivos e participios: <i>ganao</i> , <i>machacao</i>	13. Ausencia do <i>-n</i> na P1 dos pretéritos de <i>ir</i> e <i>ser</i> : <i>fui</i> ¹²
7. Aspiración esporádica do <i>s</i> implosivo: <i>noutrough pueblos</i>	14. Formas <i>algúa (s)</i> , <i>ningúa (s)</i> nos indefinidos

6. Situación sociolingüística da zona de estudo

Se na Comunidade Autónoma de Galicia asistimos a un fenómeno paralelo por unha banda, co sostemento legal da lingua a través do referido na Constitución Española, Estatuto de Autonomía de Galicia, a Lei de Normalización Lingüística, o Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega, a aplicación no ensino, a

proxección nos medios e por outra banda, á falta de visibilización e potenciación en diferentes ámbitos e protección do propio, máis complicada é a situación sociolingüística nos territorios que se sitúan no exterior e que non están debidamente avalados.

Na reforma de 1999 do Estatuto de Castela e León, no artigo 4.2 estableceuse que “gozarán de respecto y protección la lengua gallega y las modalidades lingüísticas en los lugares que habitualmente se utilicen. Era a primeira vez que se recoñecía a existencia do galego e a súa protección nun Estatuto diferente do de Galicia. Na nova reforma do Estatuto de 2007 a referencia ao respecto e protección da lingua

galega (agora xa non se mencionaan as modalidades) establecerase no artigo 5.3; e ao mesmo se refire a Lei da Comarca do Bierzo de 2010.

Así mesmo, a Carta Europea das Linguas Rexionais e Minoritarias (Consello de Europa) foi subscrita por España en 1992 e ratificada en 2001, e forma parte do Ordenamento xurídico interno

⁷ A palatalización de *a* átono dáse nos concellos de Porto e Hermisende (*cãldeiro, casã*). En Hermisende, ademais, hai palatalización do *a* tónico (*brãncu, crãvo*).

⁸ Como se indicou, na variedade vianesa alternan as formas *muto* e *muuto*, aínda que a forma *muto* é de uso máis común.

⁹ No concello de Viana do Bolo o teísmo rexístrase unicamente na parroquia de Vilaseco da Serra na estrema co concello de Vilanova da Serra (Zamora). Na área zamorana do galego rexístrase unicamente na subárea A Mezquita-Lubián, posto que en Porto hai distinción entre os pronomes átonos *te* e *che* para as funcións de CD e CI.

¹⁰ O uso do verbo *pór* no canto de *poñer* con radical analóxico é un fenómeno da área zamorana común ás falas de Ourense e Pontevedra xunto co uso do verbo *ouvir* e a neutralización dos dativos latinos *ŮLLĪ, ŮLLĪS* en *lle-le*.

¹¹ Este trazo é característico do concello de Porto.

¹² O uso do pretérito *fui* alterna coa variante *fun* na variedade vianesa. O seu uso é máis común nos puntos que estremen cos concellos de Porto e Pías.

español segundo prevé o artigo 10.2 da Constitución. Este tratado internacional confire unha grande achega lexislativa para as linguas minorizadas que son cooficiais estatutariamente e contan con leis de normalización, pero faise esencial naqueles territorios onde se falan linguas ou variedades que carecen de protección real, posto que establece unha serie de dereitos lingüísticos no ensino, na xustiza, na administración, na sanidade, no comercio etc, que non se comprenden en leis ou estatutos autonómicos e que, no entanto, mercé á Carta, son plenamente constitucionais e reivindicables polos falantes.

No galego da área zamorana como se comentou anteriormente, a variedade da Mezquita forma parte da comarca de Viana e da Terra das Frieiras, á súa vez, polo que está regulada pola oficialidade da lingua en Galicia. No entanto, as variedades da área zamorana de Porto, Pías, Lubián e Hermisende sitúanse na Comunidade de Castela e León, o que provoca que a situación difira notablemente coa dos territorios galegos limítrofes. Cortés y Vázquez perfilaba de xeito moi claro a idea de conciencia lingüística dos concellos zamoranos estremeiros respecto do uso do galego:

Aunque todos estos pueblos situados al lado O. de la Portilla de Padornelo pertenecen oficialmente al partido judicial de Puebla de Sanabria, no se consideran en modo alguno sanabreses y tienen una conciencia muy clara de su diferenciación respecto de Sanabria, aunque, eso sí, suelen decir y así se lo hemos oído en muchas ocasiones: *somus castellanus, pero falamus galegu*. (Cortés y Vázquez 1954: 15)

O reclamo da evidente galeguidade deste territorio que forma parte do galego arraiano xa foi posto de manifesto tal e como sinala Fernández Rei (1993: 97-98) nos Xogos Florais de Tui celebrados o 24 de xuño de 1891, onde se establecía por primeira vez que os poemas tiñan que estar necesariamente en galego, coa particularidade de que tamén podían empregarse as variedades da lingua falada na Galicia non administrativa. Aínda que se facía referencia clara ás falas do Bierzo e do Eo-Navia, esta medida tamén incluía a variedade falada nas Portelas por formar parte desa Galicia de alén fronteiras.

O proclamo da galeguidade xa estivo presente nos ideais de autores do Rexurdimento, onde, sen ir máis lonxe, o precursor Antonio Fernández Morales, criado no concello berciano de Cacabelos xa facía alusións á identidade da comarca do Bierzo, tal e como indica

Fernández Rei (1993: 97) “Cual tesoro q’a codicia / de dous avaros escolta con xusticia, óu sin xusticia / tira por éla Galicia / máis Castilla non a solta”.

Xa no Rexurdimento pleno, Manuel Murguía destacaba a galeguidade histórica e lingüística das terras fronteirizas coa actual Galicia. Galeguistas e nacionalistas defendían a identidade galega das comarcas limítrofes.

No artigo 2º do Estatuto de Autonomía de Galicia de 1932 (aprobado nas Cortes de 1936) afirmábase que se podería agregar a Galicia “cualquier territorio limítrofe de características históricas, culturales, económicas y geográficas análogas, mediante los requisitos que las leyes generales establezcan”, mentres que no actual Estatuto de Autonomía de Galicia (1981) non se fai mención ningunha á posible agregación dos territorios das comarcas estremeiras de Asturias, León e Zamora.

No coñecido como *Estatuto dos 16* (7 de abril de 1978) había unha Disposición adicional onde se estipulaba, tal e como recolle López Mira (1998: 119-120): “poderase incorporar á Comunidade Autónoma galega calquera territorio limítrofe de características históricas, xeográficas, económicas, culturais ou lingüísticas semellantes, de acordo en todo caso co artigo 141.1º da Constitución”. O Parlamento galego aprobou esa disposición, que logo foi rexeitada na Ponencia da Comisión Constitucional do Congreso dos Deputados.

Vega Ballesteros (1997, 2004) que profundou en estudos sobre o multilingüismo neste territorio destaca que na “Sanabria galega” o cultivo oral da lingua réstalle importancia á existencia dunhas normas supradialectais como determinantes no comportamento da fala porque o falante-ouvinte ten o coñecemento ou habilidade suficientes para satisfacer as súas necesidades comunicativas no medio no que viven independentemente da gramaticalidade. Non obstante, as xeracións novas precisan un patrón co que poder aprender a lingua estándar e non unha variedade fragmentada resultante de non ofrecer a lingua materna os recursos precisos para facelo.

O papel das linguas minorizadas no ensino é fundamental para que non decaia a lealdade á lingua materna por considerala máis débil, o que ocasionaría o desprestixio da lingua inicial e o abandono do mantemento do código de referencia. Nas Portelas o alumnado oriúndo é moi escaso, pero a introdución no ensino é fundamental tanto para ese pouco alumnado

como para toda a contorna porque teñen o dereito de coñeceren a lingua na que falan.

Neste sentido, é preciso destacarmos que grazas á iniciativa do Grupo Socialista aprobada nas Cortes de Castela e León, en 2001 asinou o Protocolo Xeral de Colaboración entre a Xunta de Galicia e a Junta de Castilla y León para a promoción da lingua galega nos territorios castelán-leoneses da lingua galega: O Bierzo e Seabra, protocolo ratificado en 2010 e na actualidade en vigor. Coñecido como “Programa de Promoción da Lingua Galega no Bierzo e Sanabria”, na actualidade acolle a participación de 19 centros de estudo, 18 do Bierzo e o CEIP Tuela-Bibei de Lubián.

Tal e como recolle Felipe Lubián (2017: 7), grazas a este Protocolo e superados as dificultades do comezo, no CEIP Tuela-Bibei de Lubián impártese unha hora semanal de galego de maneira voluntaria. En infantil trabállase a metade do tempo en galego (coñecemento, lectura e escritura) e en primaria dáse unha hora semanal en Ciencias Naturais e media hora á semana en Plástica. A situación difire notablemente da do Bierzo pola escaseza de alumnado. De feito no instituto de Valverde de Lucerna de Pobra de Seabra non se chegou a aplicar o protocolo pola falta de alumnado procedente das Portelas.

Non obstante, aínda que a poboación nova é residual na comarca das Portelas, dada a emigración da zona, o sentimento galego da poboación é evidente. Tal e como destaca Felipe Lubián (2017: 7): “O sentimento galego é indiscutible, a pesar dese dito anecdótico que ás veces aparece nalgúns medios de comunicación que queren saber da nosa galegitude: «si falamos galego, pero somos zamoranos». E non sabemos se sobe ou baixa pola escaleira o que está a falar co xornalista”.

Por outra parte, non é suficiente cunha introdución mínima do idioma no ensino, é precisa unha planificación a maior escala para a normalización da lingua e para a súa correcta valoración. Nas Portelas, á parte dunhas horas mínimas de clase, ten que haber unha verdadeira dinamización da lingua nestes concellos, para que os portelaos á parte de teren o sentimento de ser zamoranos e falar en galego, vexan que non é simplemente un reduto o seu

galego por situárense á outra beira da mapa galego.

Tal e como sinala Pérez-Caurel (2017: 6), non é abondo coa introdución do galego no ensino nalgúns centros de primaria e secundaria, senón que son precisas iniciativas serias e comprometidas a prol da dignificación e promoción da lingua nestes territorios. Temos constancia de que a lei educativa LOMCE fixo ensumir a súa aplicación no ensino e a este feito debemos engadirlle a falta de presenza nos diferentes eidos municipal, comarcal, servizo de saúde e medios locais, entre outros. Factores precisos todos eles para a total normalización do idioma galego nun territorio onde o galego é lingua autóctona do mesmo xeito que o é en Galicia.

Se cadra, as palabras que mellor definen a situación sociolingüística sexan precisamente as que nos falan da conciencia lingüística dos habitantes desta zona.

Felipe Lubián, natural de Lubián, axente normalizador e defensor da lingua e da cultura das Portelas leva anos recoñecendo que son zamoranos, pero que falan en galego como manifesta nesta entrevista¹³:

é un galego con toda seguridá diferente ó galego que aora se está normati... normativizando ou normativizando. Sin embargo a min paréceme que como falémos sempre, falou o meu avô, falou o meu pai, eu seguireino falando sempre, e non me impôrta que sea diferente a ese que aparêce nos libros de têtso; porque a min paréceme que o galego nos meus labios, nos meus beizos, sae coma a hêrba nos prados, ê algo natural, ê entoncos non me teño que avergonzar pra nada do que ê natural.

Ser galegófono nunha “terra de ninguén” traouno en diversos eventos científicos a través de traballos como “Tristuras e ledicias de nacer en ningures, cousas das Portelas” (Lubián 1992), “Inquietudes galegas da outra Galicia” (Lubián 1993), “A carrixa no castañeiro” (Lubián 2004) ou “Ser zamorano e falar en galego” (Lubián 2005). Máis recentemente Felipe Lubián (2015) manifestaba: “A cultura popular non sabe de raias, nin de mapas, xurde da natureza. A cultura sempre andou, anda e andará libre polos camiños e polos campos”¹³.

¹³ Entrevista na TVG reproducida parcialmente en Fernández Rei e Hermida Gulías (2003: 92-93), onde non figura o nome do entrevistado. A gravación e transcripción está dispoñible en: <http://consellodacultura.gal/arquivos/asg/anosafala.php>. Ao igual que a de San Ciprián de Hermisende que se reproduce despois, este texto forma parte das mostras do galego oriental da área zamorana incluídas nese audiolibro sobre a nosa fala.

Horacio Rodríguez, arraiano de San Ciprián de Hermisende (Zamora), labrego, gaitero e compoñedor de máquinas de coser en localidades a unha e outra banda da raia de Zamora con Portugal, verbo da particular situación de vivir nunha estrema entre Galicia e Castela, manifestaba en 1990¹⁴:

Mira, eu vouvos a decir, non teño nada en contra de Castilla; però si mutó a favor de Galicia, porque nós a nosa vida, todas as transaccións de todas estas cousas, facémolas con Galicia: ventas iè compras iè todo eso, è con Galicia. En cambio, os asuntos de papeleos iè médico iè todas estas cousas temos que o facer con, con Zamòra, Zamòra capital; porque, xa vos digo, pertencemos así. Però eu son partidario de que, si sería partidario, non sei, non renunciar á, á cidadanía, esto, castellana i-àzquirir a gallega; però, sería partidario de que, de que, nos arrimèramos a Galicia, complètamente.

A situación sociolingüística nas Portelas como noutros territorios arraianos precisa da revitalización das administracións competentes e precisa que tanto o referido no Estatuto de Autonomía de Castela e León como as medidas contempladas no Protocolo Xeral de Colaboración entre a Xunta de Galicia e a Junta de Castilla y León para a promoción do galego nos territorios castelán-leoneses sexa real e non quede en algo anecdótico.

Tamén é preciso que a Real Academia Galega, institución que vela pola defensa e promoción do galego, o faga tamén abertamente nas ladeiras de Galicia, pois o artigo 4 dos actuais Estatutos da RAG establece que se entende por idioma galego “o propio de Galicia, así como as súas variantes faladas nos territorios exteriores (Asturias, León e Zamora)”.

O problema do galego exterior ás fronteiras administrativas é precisamente o non recoñecemento como variedades lingüísticas do galego tal e como sinala Costas González:

Na actualidade, o problema de inicio ao que se enfronta o galego arraiano (da raia de Asturias, León e Zamora) e valego (do Val do Ellas) para a súa defensa e promoción é a falta de recoñe-

cemento dalgunhas destas falas como pertencentes do conxunto das falas galegas e, xa que logo, a falta de recoñecemento da Real Academia Galega como autoridade científica normativa. (2011: 123)

É de total xustiza e coherencia que se respecten os lazos da identidade galega sexa en Viana do Bolo (Ourense) ou sexa en Porto (Zamora). Sobre todo cómpre ter moi presente que autores destacados do rexurdimento da nosa lingua e a cultura eran precisamente de alén das fronteiras, tal e como destaca Fernández Rei:

Cómpre non esquecer que figuras esenciais do rexurdimento lingüístico e cultural galego, con total entrega á causa da nosa lingua e cultura, naceron na Galicia non administrativa. É o caso, entre outros, do Padre Sarmiento, que naceu en Vilafranca; o de Armando Cotarelo Valledor, primeiro presidente do Seminario de Estudos Galegos, nado na Veiga asturiana; e máis recentemente, o de Fermín Penzol, natural de Sahagún de Campos, con pai de Ponferrada e nai de Castropol, membro destacado do galeguismo cultural durante a época franquista. (1991: 128)

A esta nómina aquí referida temos que engadir a figura de Antonio Fernández Morales, brigadier natural de Astorga e criado en Cacabelos, quen dous anos antes ca Rosalía escribiu máis de oito mil versos na variedade galega oriental do Bierzo, de moitas semellanzas coa variedade vianesa e para quen son precisas unhas Letras Galegas que honren a súa figura¹⁵. Fernández Morales, xunto a outros autores bercianos, forma parte dos precursores do Rexurdimento que escribiron poemas en galego anteriormente á publicación de *Cantares Gallegos* e que forman parte dunha selección de poesía berciana en lingua galega (Álvarez Pousa e Henrique Costas 2002).

7. Consideracións finais

A cultura nos territorios estremeiros con Galicia é unha cultura única e así o testemuña a propia lingua, que actúa de fósil histórico. O vianés, variedade pertencente á área central do

¹⁴ Entrevista na TVG reproducida parcialmente en Fernández Rei e Hermida Gulías (2003: 101-102), onde non figura o nome do entrevistado. A gravación e transcripción está dispoñible en <http://consellodacultura.gal/arquivos/asg/anosafala.php>.

¹⁵ Nun artigo xornalístico de recente publicación trato a súa figura e labor a prol da dignificación e a cultura galega alén das fronteiras administrativas e como precursor do Rexurdimento. Véxase a este respecto Álvarez Pousa 2019: 20.

galego oriental e propia do concello ourensán de Viana do Bolo na comarca de Viana comparte varias características coas variedades lingüísticas pertencentes ao galego da área zamorana, tanto coa fala frieiresa da Mezquita, tamén pertencente á comarca de Viana, como coas variedades das Portelas zamoranas de Porto, Pías, Lubián e Hermisende.

Desde tempos esta área de estudo foi punto de interese para varios lingüistas, precisamente polo súa situación nun territorio onde o galego, o leonés e o portugués camiñan da man. O Penedo dos Tres Reinos integrado na Serra de Marabón, na fronteira entre os tres reinos medievais de Portugal, León e Galicia, onde se xuntan a freguesía de Moimenta (Vinhais), A Mezquita (Ourense) e Hermisende (Zamora), dá conta destes feitos e da presenza de linguas que se abrazan e mesturan entre elas.

As fronteiras poñen os límites dos territorios, pero non esgazan necesariamente coa cultura que traspasa as liñas divisorias. As conexións das Portelas zamoranas resultan evidentes cos concellos ourensáns da Veiga, A Mezquita, Viana do Bolo e Verín pola súa situación xeográfica moi próxima entre eles e distante á vez de Zamora, a súa capital de provincia. Feito que

provoca ineludiblemente as interrelacións entre varios municipios e á súa vez o sentimento de seren zamoranos, pero falaren en galego.

Motivo polo que se constata que a variedade lingüística da Mezquita forme parte precisamente do galego da área zamorana e que as similitudes coa variedade de Viana do Bolo sexan varias tanto no eido da fonética, da morfosintaxe como do léxico.

Neste traballo analizáronse as principais características en común nos ámbitos da fonética, entre outras, a alternancia nos ditongos *oi / ou* (*noite / noute*) e a caída da interdental xorda en posición final (*rapá, cru*), e no da morfosintaxe a través de aspectos como a solución *-ai, -á* nos nomes en *-TATEM* (*verdá / verdai*) e o uso do pronome persoal átono *o* tras forma verbal rematada en ditongo (*colleuo, foio*).

A normalización do idioma, aínda que introducida timidamente no ensino na zona das Portelas, é unha tarefa pendente, pois non depende só da educación a visibilización do idioma, senón de que as autoridades competentes velen pola realidade sociolingüística a un lado e ao outro, de que haxa apoio institucional e, sobre todo, que se recoñeza e estime o propio aquén e alén fronteiras.

8. Referencias bibliográficas

- AGO = Fernández Rei, Francisco (dir.) (2010-): *Arquivo do Galego Oral*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega, <http://ilg.usc.gal/ago/> [último acceso: 10/04/2018].
- Alonso, Dámaso (1972): *Estudos lingüísticos peninsulares*. Madrid: Gredos.
- Álvarez Pousa, Concepción e Xosé-Henrique Costas (2002): *Escolma de poesía berciana en lingua galega (1860-1960)*. Santiago de Compostela: Edicións Positivas.
- Álvarez Pousa, Concepción (2017a): “A variación lingüística galega en textos orais do Concello de Viana do Bolo”, en R. Álvarez, E. Moscoso e M. Negro (eds.), *Gallaecia. Estudos de lingüística portuguesa e galega*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, pp. 803-823. Dispoñible en: <http://dx.doi.org/10.15304/cc.2017.1080.46> [último acceso: 10/04/2019].
- (2017b): “As variedades vianesa e frieiresa-portelá do galego oriental e as súas afinidades co portugués”, *Limite. Revista de Estudos Portugueses y de la Lusofonía* 11/2, pp. 79-108. Dispoñible en: www.revistalimite.es/v11dos/05CAvarez.pdf [último acceso: 10/04/2019].
- (2018a): “Laureano Prieto, mestre da vida e da cultura popular da Terra vianesa”, *A Trabe de Ouro. Revista galega de pensamento crítico* 107, pp. 43-66.
- (2018b): “A variedade galega da Terra de Viana do Bolo (Ourense) e as súas afinidades co portugués”, en J. Veloso, J. Guimarães, P. Silvano e R. Sousa-Silva (coords.), *A lingüística em diálogo. Volume comemorativo dos 40 anos do Centro de Linguística da Universidade do Porto*. Porto: Centro de Linguística da Universidade do Porto, pp. 61-79. Dispoñible en: <https://ler.letras.up.pt/uploads/ficheiros/16822.pdf> [último acceso: 10/04/2019].
- (2019): “As Letras do Bierzo: Antonio Fernández Morales”, *O Sil ano 2000. Especial Letras* (O Barco de Valdeorras) 275, p. 20.
- Ballano Bueno, Alicia (1990): “O derradeiro concello de Zamora: Porto de Sanabria”, en X. A. Fernández de Rota (dir.), *Lindeiros da Galeguidade*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, pp. 97-107.
- Blanco Corrales, Francisco (2012): *O palabreiro portexo*. Dispoñible en: <http://www.furmientu.org/08Vocabularios2012/03VocabulriuPortexo.pdf> [último acceso: 10/04/2019].

- Boller, Fred (1995a): *Die Issoglossenstaffelung in der galicisch-portugiesisch-spanische kontatzone und im Lombada-Aliste-Grenzgebiet*. Vol. 1: *Kommentar zum Regionalsprachatlas: Die diatopische Variation im Dialektraum*. Vol. 2.: *Regionalsprachatlas mit Synoptischen Kartenteil*. Westensee: Gross Vollstedt.
- (1995b): “Paradigmas interferenciais no galego exterior zamorano”, *Verba. Anuario Galego de Filoloxía* 22, pp. 33-73.
- Carracedo, Carlos (1994): *Porto. Estudio Socioeconómico*. Madrid: Longares, I y R.
- Carracedo Arroyo, Eleuterio (1977): *El habla de Barjacoba*. Tese de licenciatura inédita. Salamanca: Universidad de Salamanca.
- Cintra, Luis F. Lindley (1959): *A linguagem dos Foros de Castelo Rodrigo. Seu confronto com a dos Foros de Alfaiates, Castelo Bom, Castelo Melhor, Coria, Cáceres e Usagre. Contribuição para o Estudo do leonés e do galego-português do Séc. XIII*. Lisboa: Publicações do Centro de Estudos Filológicos.
- Cortes y Vázquez, Luís (1954): *El dialecto galaico portugués hablado en Lubián (Zamora)*. (*Toponimia, textos y vocabulario*), anexo da *Acta Salmanticensia. Filosofía y Letras* VI-3. Salamanca: Universidad de Salamanca.
- Cortés Vázquez, Luís (2003): *Leyendas, cuentos y romances de Sanabria*. Salamanca: Gráficas Cervantes.
- Costas González, Xosé Henrique (2011): *A lingua galega no Eo-Navia, Bierzo Occidental, As Portelas, Calabor e o Val do Ellas: Historia, breve caracterización e situación sociolingüística actual (Cadernos de Lingua, Anexo 8)*. A Coruña: Real Academia Galega.
- (2014): “O galego de Seabra: o calaborés”, en X. M. Gómez Clemente, X. B. Arias Freixedo e G. Gómez Durán (eds.), *Sementar para os que veñan. Homenaxe a Camiño Noia*. Vigo: Universidade, pp. 337-358.
- Fernández Rei, Francisco (1990): *Dialectoloxía da lingua galega*. Vigo: Xerais.
- (1991): “Trazos lingüísticos nos límites orientais da galeguidade”, en X. M. González Reboredo e X. A. Fernández de Rota (coords.), *Actas do Simposio de Antropoloxía “Lindeiros da Galeguidade I” (5-7 de xullo de 1990. O Cebreiro, A Proba de Navia, Vilafranca)*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, pp. 113-128.
- (1993): “Galego oriental: O Bierzo, As Portelas e O Val de Verín”, en X. A. Fernández de Rota, X. A. Fidalgo Santamariña e X. M. González Reboredo (coords.), *Lindeiros da Galeguidade II, Simposio de Antropoloxía*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, pp. 97-108.
- Fernández Rei, Francisco e Carme Hermida Gulías (eds.) (2003): *A nosa fala. Bloques e áreas lingüísticas do galego*. Santiago de Compostela: Consello da cultura galega, Arquivo Sonoro de Galicia. Disponible en: <http://consellodacultura.gal/arquivos/asg/anosafala.php> [último acceso: 10/04/2019].
- IGE (2018) = Instituto Galego de Estatística, <http://www.ige.eu> [último acceso: 10/04/2019].
- INE (2019) = Instituto Nacional de Estadística, <http://www.ine.es> [último acceso: 10/04/2019].
- Krüger, Fritz (1925): “Mezcla de dialectos”, en *Homenaje ofrecido a Menéndez Pidal. Miscelánea de estudios lingüísticos, literarios e históricos*. Madrid: Hernando, vol. 2, pp. 121-166.
- López Mira, Álvaro (1998): *A Galicia irredenta*. Vigo: Xerais.
- Lubián, Felipe (1992): “Tristura e ledicias de nacer en ningures, cousas das Portelas”, en *Actas do I Congreso Internacional da Cultura Galega*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, pp. 387-389.
- (1993): “Inquietudes galegas da outra Galicia”, en X. A. Fernández de Rota, X. A. Fidalgo Santamariña e X. M. González Reboredo (coord.), *Lindeiros da galeguidade*, II. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, pp. 149-153.
- (2004): “A carrixa no castañeiro”, en *A herdanza da lingua: o galego de Asturias, León, Zamora e Cáceres*. A Coruña: Real Academia Galega, pp. 23-28.
- (2005): “Ser zamorano e falar en galego”, *A Trabe de Ouro* 64, pp. 54-56.
- (2015): “A cultura popular non sabe nin de raias nin de mapas”, *O Sil ano 2000*. Disponible en: <http://www.osil.info/a-cultura-popular-non-sabe-de-raias-ninde-mapas/> [último acceso: 10/04/2019].
- (2017): “O galego nas Portelas de Zamora”, *A fondo. O galego no exterior: Eo-Navia, Bierzo e As Portelas*. Suplemento do *Semanario de intereses galegos Sermos Galiza*, Santiago de Compostela, n° 235, 23/02/2017, p. 7.
- Pérez-Caurel, Manuel (2017): “A lingua galega no Bierzo e na Seabra nun limbo sen fin”, *A fondo. O galego no exterior: Eo-Navia, Bierzo e As Portelas*. Suplemento do *Semanario de intereses galegos Sermos Galiza*, Santiago de Compostela, n° 235, 23/02/2017, p. 6.
- Prieto Rodríguez, Laureano (1958): *Contos Vianeses*. Vigo: Galaxia.

- (1973): *Notas en col da fala vianesa. Separata do Tomo III do Boletín Auriense*. Ourense: Museo Arqueolóxico Provincial, pp. 1-27.
- Rivas Quintas, Elixio e Xosé Rodríguez Cruz (2002): *Terra das Frieiras*. Ourense: Deputación Provincial.
- Rodríguez Cruz, Xosé (2007): *Cultura e fala popular de San Ciprián de Hermisende*. Ourense: Deputación Provincial.
- Rodríguez Lago, Mari Carmen (1974): *Léxico dialectal y costumbres de Porto*. Memoria de licenciatura inédita. Santiago de Compostela: Universidade.
- Santos, María José de Moura (1967): *Os falares fronteiriços de Trás-os-Montes. Separata da Revista portuguesa de filologia*. Vols. XII, tomo II, XIII e XIV. Coimbra: Faculdade de Letras da Universidade de Coimbra, Instituto de Estudos Románicos.
- Seco Orosa (1997): *A fronteira lingüística do galego en León e Zamora*. Memoria de licenciatura (parcialmente publicada). Santiago de Compostela: Universidade.
- Taboada Cid, Manuel (1971): *Vocabulario y notas etnográficas de la Mezquita*. Memoria de licenciatura (parcialmente publicada). Santiago de Compostela: Universidade.
- (1978): “Algunos aspectos de la vida espiritual y material de A Mezquita”, *Boletín Auriense* VIII. Ourense: Museo Arqueolóxico Provincial, pp 107-166.
- Vega Ballesteros, Francisco (1997): “El multilingüismo en Sanabria (Zamora), situación lingüística actual del gallego exterior”, *Interlingüística. Actas del XII Encuentro de la Asociación de Jóvenes Lingüistas* 7. Madrid: Universidad Complutense de Madrid, pp. 253-258.
- (2004): “Situación lingüística actual del gallego exterior hablado en la comarca de Sanabria (Zamora). Problemas dialectológicos y sociolingüísticos”, en R. Álvarez Blanco, F. Fernández Rei e A. Santamarina (eds.), *A Lingua Galega: Historia e Actualidade. Actas do I Congreso Internacional 16-20 de setembro de 1996. Santiago de Compostela [organizado polo] Instituto da Lingua Galega*, vol. I. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, Instituto da Lingua Galega, pp. 579- 604.